

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 15 de marzo de 2006 pola que se autoriza o cambio de titularidade e de denominación do centro privado Campelo de Poio (Pontevedra).

Examinado o expediente que presenta o centro privado Campelo de Poio (Pontevedra), código 36015962, no que solicita o cambio de titularidade e de denominación do devandito centro.

Resultando que *Caja de Ahorro Provincial de Pontevedra* é a titular do mencionado centro e que pasou a denominarse *Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra (Caixanova)*.

Tendo en conta que o expediente foi tramitado pola Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra, que se remite cos informes correspondentes.

Vistos o Decreto 133/1995, do 10 de maio (DOG do 22), sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias e a Orde do 20 de setembro de 1995 (DOG do 15 de decembro) que o desenvolve.

Considerando que concorren no expediente os requisitos exixidos nas disposicións vixentes para poder acceder ao solicitado.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

DISPÓN:

Primeiro.-Autorizar o cambio de titularidade do centro privado Campelo de Poio (Pontevedra) a favor de *Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra (Caixanova)*, con todos os dereitos e obrigas contraídas polo cesionista *Caja de Ahorro Provincial de Pontevedra*, sen prexuízo das responsabilidades que poidesen recaer sobre o anterior titular do centro por actos ou omisións realizados antes do cambio de titularidade que se autoriza.

O cambio de titularidade non afectará o réxime de funcionamento do centro.

Segundo.-Autorizar o cambio de denominación do centro privado Campelo do concello de Poio pasando a denominarse centro privado Campelo *Caixanova*.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de

dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2006.

Laura Sánchez Piñón

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Resolución do 31 de marzo de 2006 pola que se declara a aplicabilidade da do 27 de xaneiro de 2005, sobre medidas para a prevención de incendios forestais durante o ano 2005, modificada pola Resolución do 12 de agosto de 2005.

Co obxecto de evitar os incendios forestais afectantes aos montes galegos e de cara a eliminar ou, cando menos, paliar os danos e perdas por eles producidos aprobouse o Decreto 21/2005, do 20 de xaneiro, de prevención de incendios e regulación de aproveitamentos forestais, en uso das facultades preventivas, atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 43/2003, do 20 de xaneiro, de montes.

Mediante Resolución do 27 de xaneiro de 2005, modificada por Resolución do 12 de agosto de 2005, reguláronse unha serie de medidas e prohibicións concretas co fin de previr e evitar a aparición e propagación de incendios nos montes galegos.

Na actualidade estase a tramitar unha disposición que, en atención ás necesidades presentes na realidade galega, refunda e actualice a normativa existente en materia de prevención de incendios. No ínterin e co obxecto de clarear a presente situación resulta conveniente declarar a aplicabilidade da antedita resolución, ata que entre en vigor a norma reguladora das medidas dirixidas a previr e evitar os incendios nos montes galegos.

En virtude do anterior,

RESOLVO:

Declarar a aplicabilidade da Resolución do 27 de xaneiro de 2005, sobre medidas para a prevención de incendios forestais durante o ano 2005, modificada pola Resolución do 12 de agosto de 2005, ata a entrada en vigor da nova normativa que regule medidas preventivas en materia de incendios forestais.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2006.

Alberte Blanco Casal

Director xeral de Montes e Industrias Forestais

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 27 de marzo de 2006 pola que se fixa o importe do crédito dispoñible na anualidade 2006, correspondente ás medidas complementarias na pesca costeira artesanal, regulamentadas pola Orde do 4 de xuño de 2003, modificada pola do 14 de decembro de 2005, e se delega no director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca a resolución destas axudas.

A Orde do 4 de xuño de 2003 (DOG nº 109, do 6 xuño), modificada pola Orde do 14 de decembro de 2005 (DOG nº 244, do 22 de decembro), regula a solicitude e trámite das axudas correspondentes ás medidas complementarias na pesca costeira artesanal e o procedemento de concesión de primas globais a tanto alzado. Nela determinábase un prazo de solicitude aberto no tempo ata agosto de 2006, e fixaba a contía do crédito correspondente á dita anualidade.

Aprobados os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, pola Lei 7/2005, do 29 de decembro, cómpre, xa que logo, facer pública a contía do crédito orzamentario destinado a facer fronte ás ditas axudas.

A maiores, inclúese a posibilidade de incrementar esta contía da anualidade de 2006, fixada nos orzamentos en vigor, en función das dispoñibilidades orzamentarias.

Por outra banda, a recente modificación da estrutura orgánica da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a asignación da xestión desta orde de axudas á Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca, fai necesario modificar as referencias aos órganos de instrución e xestión das axudas, adaptándoas á nova estrutura.

Para tal obxecto, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Crédito orzamentario do 2006.

As axudas tramitadas ao abeiro da Orde do 4 de xuño de 2003 (DOG nº 109), modificada pola Orde do 14 de decembro de 2005 (DOG nº 244), pola que se establecen as bases e condicións para a adopción de medidas complementarias na pesca costeira artesanal e se regula o procedemento de concesión de primas globais a tanto alzado, tramitaranse na anualidade 2006 con cargo ás aplicacións orzamentarias 14.03.612.B.770.3, por un importe global de 250.000 euros, e 14.03.612.B.780.0, por un importe global de 250.000 euros.

Artigo 2º.-Ampliación do crédito.

A contía establecida no artigo anterior para a anualidade 2006 poderá ser ampliada en función das dispoñibilidades orzamentarias.

Artigo 3º.-Concesión das axudas.

A concesión de axudas quedará limitada, en todo caso, ás dispoñibilidades orzamentarias.

Disposicións derradeiras

Primeira.-As competencias atribuídas na Orde do 4 de xuño de 2003 (DOG nº 109), modificada pola Orde do 14 de decembro de 2005 (DOG nº 244), á Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, corresponden á Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca.

Segunda.-Conforme o establecido no artigo 78.3º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, segundo modificación realizada polo artigo 12 da Lei 14/2004, de medidas tributarias e de réxime administrativo, delégase no director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca a resolución destas axudas.

Santiago de Compostela, 27 de mazo 2006.

Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Orde do 27 de marzo de 2006 pola que se establecen as normas para a concesión de axudas a entidades colaboradoras de pesca fluvial para o fomento da riqueza piscícola.

O artigo 27.15º do Estatuto de autonomía de Galicia atribúelle a esta comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de pesca fluvial e lacustre. Con base nesta competencia, promulgouse a Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, que ten como obxecto a regulación da conservación, o fomento e o ordenado aproveitamento das poboacións piscícolas.

De conformidade co disposto no Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, compételle a esta consellería o desenvolvemento e a aplicación da Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial e do seu regulamento.

As entidades colaboradoras están definidas no artigo 6 da Lei de pesca fluvial. Considéranse como tales as que realicen actividades ou investimentos en favor da riqueza piscícola das augas continentais galegas, así como na mellora da calidade do ambiente das devanditas augas, sempre que teñan recoñecido